

I. DISPOSICIÓN XERAIS

PRESIDENCIA

Lei 2/1995, do 31 de marzo, pola que se lle dá nova redacción á disposición derogatoria única da Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia.

Advertido erro na redacción da disposición derogatoria única da Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia, e esgotado o procedemento lexislativo do que trae cause, faise necesario iniciar un novo, ó abeiro do artigo 134.1º do Regulamento do Parlamento de Galicia, co fin de proceder á súa corrección.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2º do Estatuto de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 23 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, promulgo, en nome de El-Rei, a lei pola que se lle dá nova redacción á disposición derogatoria única da Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia.

Artigo único.

A disposición derogatoria única da Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia, queda redactada do seguinte xeito:

«Disposición derogatoria única

Quedan derogadas tantas disposicións, de igual ou inferior rango, se opoñan ó disposto nesta lei».

Disposición derradeira

A presente lei entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, trinta e un de marzo de mil novecentos noventa e cinco.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Corrección de erros.-Decreto 87/1995, do 16 de marzo, polo que se regula a admisión de alumnos nos centros sostidos con fondos públicos de educación infantil, de educación primaria e de educación secundaria.

Advertidos erros no devandito decreto, publicado no DOG nº 61, do pasado 28 de marzo, cómpre face-las oportunas correccións:

-Nas páxinas 2.290 e 2.292, onde di: «Decreto 87/1995, do 10 de marzo,...», debe dicir: «Decreto 87/1995, do 16 de marzo ...».

-Nas páxinas 2.292 e 2.294, onde di: «...dez de marzo...», debe dicir: «...dezaseis de marzo...».

III. OUTRAS DISPOSICIÓN

CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Resolución do 3 de abril de 1995, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se lle dá publicidade ó acordo da comisión de traballo creada para a aplicación do fondo de acción social do exercicio de 1994 e ás listas definitivas das axudas do dito fondo.

Concluídos os traballos de reparto e aplicación do fondo de acción social para 1994, e publicados por Resolución do 31 de outubro de 1994 da Dirección Xeral de Relacións Laborais (DOG nº 213, do 4 de novembro) e en uso das competencias atribuídas a esta dirección xeral no punto 6.2 dos criterios xerais que rexen para o fondo de acción social de 1994, procede dálle-la debida publicidade ás listas definitivas das axudas do fondo e ó acordo final de concesión e distribución do citado fondo, unha vez que xa transcorreron os prazos de alegacións previstos no punto 3 da Resolución do 25 de xaneiro de 1995 (DOG nº 20, do 30 de xaneiro) e no punto 5 da Resolución do 10 de febreiro de 1995 (DOG nº 31, do 14 de febreiro).

Polo tanto, dándolle cumprimento ó acordo da Mesa Xeral de Negociación e ó disposto na Resolución do 31 de outubro de 1994, esta dirección xeral,

DISPÓN:

Primeiro.-Que se publique no *Diario Oficial de Galicia*, como anexo á presente resolución, a distribución final da concesión das axudas do fondo de acción social para o exercicio de 1994.

Segundo.-Aprobar e publica-las listas definitivas das axudas recollidas na Resolución do 31 de outubro de 1994, que estarán expostas nos taboleiros de anuncios de tódalas consellerías así como nas súas delegacións provinciais e relativas ó seu persoal.

Contra a presente resolución poderán os interesados interpoñer recurso ordinario perante o conselleiro da Presidencia e Administración Pública no prazo de un mes contado desde a data da publicación da presente resolución de acordo co previsto no arti-